

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E O COLEXIO OFICIAL DE FARMACÉUTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN E O FOMENTO DA DOAZÓN DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS ENTRE A POBOACIÓN DA PROVINCIA DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) formalizou, o 23.12.2022 co Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia da Coruña (COFC), o instrumento convencional arriba referido, que ten unha vixencia de 4 anos, a contar desde o día da súa sinatura. Non obstante, en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, as partes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a difusión de información e o fomento da doazón de sangue, órganos e tecidos entre a poboación da provincia da Coruña, co fin de contribuír a garantir a cobertura das necesidades hemoterápicas aos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia e a doazón de órganos e tecidos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

No Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos establécese que ADOS é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A Axencia ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía na súa xestión, nos termos que precisen as leis e adscribírase á consellería competente en materia de sanidade a través da dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

ADOS ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenamento e o abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente como polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes dela.

Entre as competencias da ADOS figuran as seguintes:

- Conseguir doazóns voluntarias e altruístas de sangue, medula ósea e sangue de cordón umbilical para cubrir as necesidades do sistema sanitario de Galicia.
- Promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

Como principios de actuación de ADOS destacan os de voluntariedade e altruísmo na doazón de sangue e os seus derivados, órganos e tecidos e de solidariedade e compromiso social das institucións públicas e privadas coa política transfusional e de transplante.

O COFC é unha corporación de dereito público que ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. O COFC desenvolve a súa actividade de acordo cos seus Estatutos tal como figuran na Orde da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza do 1 de setembro de 2008, pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia da Coruña (DOG nº 175 do 10/09/1998)

É fin esencial do COFC a ordenación do exercicio da profesión dentro do marco legal respectivo, a representación dela e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados.

Ademais ten como fin colaborar coas administracións públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente.



No apartado 2 do artigo 6 dos estatutos do COFC figura entre as súas funcións a de cooperar cos poderes públicos na promoción do dereito á saúde e colaborar coas administracións públicas do seu ámbito territorial, para o cal se poderán subscribir acordos ou convenios no marco da normativa vixente.

É vontade destas institucións traballar conxuntamente promovendo accións de difusión de información e o fomento da doazón de sangue, órganos e tecidos entre a poboación da provincia da Coruña.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado acudir á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

